

O Instituto de Estudos Miñoranos achega na súa cita "Os nosos escritores" a conferencia con Anxo Angueira no salón de sesións do Concello de Nigrán o vindeiro venres 21 ás 19 horas.

Relato do autor **O catorce de Vilachán**. (na Voz de Galicia)

*Era o catorce de Vilachán e había-a que erguerse cedo, de madrugada. El, Meu Pai, sabía-a o camiño cos ollos pechos. Subimos á Chisca pola Tomada entre o mouchar dos mouchos. Meu Pai, El, avellado, parou na Campa. Oíase o rebulicio no fondal da Riaseira, contra Xei, de toda a paxarada por antre as cerdeiras en flor de nabo raia-lo día. Collemos a congosta costenta de Espiñeira e fomos saír por tras do pncaro do Pedregal. Oubeou o lobo. O lobo oubea á entres en terras de Lousame.*

*Ilustración: Abraldes*

*El xemá-a abafado. Meu pai. «Vai ti. Colles a dereitura daquela bouza e despois xa todo á caer cara Vilachán». Xemá-a. «Eu volvo». Andei antre toxo rabeno, esquivo mato e rinchos de bestas ceibas e distantes, pacendo onde non se vñ-an chans. Era o catorce de Vilachán e Meu Pai abandonárame na gñndara, coma un palleiro. «Mañá erguémonos cedo. A pedra de afiar está moi gasta. Hai que ir buscar unha nova». «¿A onde?», preguntei. «¿? catorce de Vilachán».*

*Axiña imaxinei o frío da madrugada rabuñndome nos sos, subindo as abas de Cal de Barcas e Valranco bretemoso, por camiños que mal sabía-a. Imaxinei a El, vello e acabado, teimudo coa pedra de afiar, subindo diante. «Vai ti. Colles aquela dereitura e tráguesme unha pedra de afiar». ¿E el non as había-a allures? Non, tiña que ser pedra do catorce de Vilachán, para fouces ceifadoras. Durmñ mal. Soñei toda a noite coa pedra. Soñei que a traguá-a á lombo e que á chegar á casa -un recuncho infinito- a pedra xa estaba gasta. Era o catorce de Vilachán. A xente e o gando arremuíñanse su os carballos da feira ledos. Sá había-a que carga-la pedra. E regresar. Corren nubes. O sol está alto. E o miñato. Diante, o catorce de Vilachán.*